



COPIA

PROPOSICIÓN PARA O IMPULSO DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DE VILLESTRO E A CATALOGACIÓN E PROMOCIÓN DO PATRIMONIO RUPESTRE

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **PROPOSICIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Santiago atesoura unha riqueza patrimonial que transcende da súa universal vinculación co fenómeno xacobeo, para afundir as súas raíces nos tempos prehistóricos, con testemuñas da arte na pedra datadas principalmente entre o neolítico e a Idade do Bronce, o que vén a constatar a existencia dunha actividade artística no noso contorno uns tres mil anos antes da descuberta do sepulcro do Apóstolo.

A existencia destas pegadas dos primeiros habitantes da zona, que debería constituír un singular e valioso atractivo histórico, cultural e tamén turístico, non foi ata épocas recentes obxecto dunha mínima atención e continúan a ser, aínda hoxe, unha realidade descoñecida para a maior parte da poboación.

Á parte dos importantes traballos arqueolóxicos desenvolvidos nas primeiras décadas do século pasado, principalmente por Ramón Sobrino Lorenzo –referente dos estudos da arte rupestre galega, mestre de artistas e aparellador municipal no noso Concello-, pódese afirmar que pouco ou nada se tiña feito pola súa protección efectiva ata a redacción do planeamento municipal. Na revisión do PXOM de 2008 figuran recollidos 13 petróglifos na listaxe de elementos de interese cultural, a maior parte deles localizados nas parroquias de Villestro e Figueiras, pero tamén en Conxo e San Xoán de Fecha.

Durante a pasada lexislatura, o Concello de Santiago iniciou unha iniciativa pioneira para a promoción e divulgación dos gravados rupestres, apoiándose no importante labor desenvolvido polo colectivo cultural “A Rula” que por aquel tempo iniciaba a súa andadura de descuberta e investigación e que en pouco tempo conseguiu multiplicar por catro –ata chegar ao medio cento- o número de petróglifos dos que se tiña constancia no termo municipal, a maior parte deles descubertos en Villestro, nas inmediacións do monte San Miguel e da paraxe denominada “A Devesa da Rula”, nome relacionado con esta asociación.

A capital de Galicia conta, pois, cun importante legado prehistórico, que supón, ademais dunha gran riqueza artística, unha oportunidade para reforzar o valor histórico e monumental do seu territorio que é preciso aproveitar.

Con esas premisas, no ano 2014, a través do obradoiro municipal de emprego “Ecotur Santiago” e co traballo de 23 alumnos e alumnas durante 6 meses, o Concello iniciou a rehabilitación do edificio da vella escola unitaria de Villestro, instalando no seu interior unha completa exposición sobre os valores patrimoniais da parroquia, en especial da riqueza arqueolóxica dos arredores e, en xeral, do termo municipal. Tamén se puxo en marcha unha páxina web para dar a coñecer estes valores.



para que o Goberno municipal mostrara algún interese e para que a Xunta de Galicia, tendo coñecemento do feito, anunciara o inicio da catalogación dese grupo de gravados afectados polo lume na parroquia de Villestro. Unha iniciativa que se debería estender a todo o territorio municipal para fixar, limpar, protexer e poñer en valor este singular e importantísimo patrimonio.

En consecuencia, tendo en conta todos estes antecedentes, o Grupo Municipal presenta para o seu debate e consideración no Pleno Municipal a seguinte proposta de

ACORDO:

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno municipal a:

- 1. Iniciar, en colaboración cos colectivos e institucións máis directamente implicados, a realización dun inventario, detallado e o máis exhaustivo posible, sobre os petróglifos existentes no concello.**
- 2. Dirixirse á Xunta de Galicia para solicitar a declaración e catalogación de todos os petróglifos constatados no termo municipal para a súa inclusión no inventario de bens de interese cultural de Galicia (BIC), así como en todas aquelas normas e disposicións, autonómicas e municipais, que contribúan a garantir o seu coñecemento e protección.**
- 3. Poñer en marcha un conxunto de medidas destinadas a promover a difusión do importante legado cultural que supoñen os gravados rupestres entre a veciñanza e as persoas que nos visitan, comezando polo impulso do centro de interpretación de Villestro e a súa páxina web, como punto de referencia para a súa exposición e posibles percorridos para a coñecemento directo no ámbito municipal.**

Santiago de Compostela, a 31 de agosto de 2016.

Asdo.: Agustín Hernández
Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela